



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo,

FAI SABER, á veciñaza, que co motivo do estado de alarma decretado polo COVID 19 (Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo) e co fin de minimizar o impacto económico nas empresas, autónomos e particulares derivado da crise sanitaria do COVID-19:

Primeiro.- Queda suspendido o pago, polos usuarios, das taxas correspondentes aos servizos de madrugadores, gardaría infantil, mercadillo e ximnasio municipal, que están suspendidas polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Ao non producirse o feito impoñible, os usuarios non están obrigados ao pagamento da parte proporcional da prestación do servizo, e no caso de ser cobrados con anterioridade, procederase a súa devolución proporcional.

Segundo.- Posponse o pagamento de aqueles tributos e taxas que son de cobro directo polo Concello, isto é: auga e SAF, ata a finalización do estado de alarma ou a súa prórroga; sen prexuízo das medidas adoptadas pola Deputación provincial da Coruña, respecto do resto de tributos ou taxas cuxo cobro está delegado na dita institución (Contribución, IVTM, recollida de lixo, etc.). Pódese consultar a correspondente Resolución da Deputación da Coruña na páxina web do Concello.

O que asino en Vimianzo, 27 de marzo de 2020

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)